

---

## ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE O CONCELLO CONTROLE O ESTACIONAMENTO NAS ZONAS NON AUTORIZADAS NO PARQUE DE BELVÍS

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta o seguinte ROGO ao Pleno da Corporación

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Co inicio do curso escolar intensifícase o tránsito rodado en toda a cidade e aínda máis naquelas zonas situadas nas inmediación dos centros educativos. No caso concreto dos colexios situados na rúa da Virxe da Cerca, nomeadamente da Ensinanza, este fluxo de vehículos exerce unha forte presión nunha zona tan sensible como o conxunto monumental da cidade histórica de Santiago, patrimonio da humanidade, especialmente no viario que atravesa o Parque de Belvís, tamén, situado dentro do PE-1.

Así, non é de estrañar ver unha importante cantidade de vehículos estacionados por cima dos paseos e beirarrúas nas inmediacións deste parque, tal e como se pode comprobar facilmente nas horas de entrada e saída dos colexios. E isto é así a pesar da existencia dun convenio que permite ás familias destes centros educativos usar o estacionamento municipal de Belvís, xestionado por Tussa, para deixar e recoller ao alumnado.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal de Compostela Aberta **SOLICITA:**

- **O Concello de Santiago exerza un control estrito sobre os vehículos mal estacionados en lugares non autorizados, nomeadamente na rúa que conecta a rúa das Trompas con Camiño da Ameixaga a través do Parque de Belvís**

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2022



Xan Duro Fernández

Concelleiro do grupo municipal de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO